

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 10 DE FEBREIRO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción denominado "Mellora na rede de saneamento de Marín na contorna do río Lameira, no termo municipal de Marín, Pontevedra".
- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: "Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: mellora de seguridade viaria (MSV) no entorno de treitos de concentración de accidentes (TCA) na estrada PO-504, puntos quilométricos (pp.qq.) 1+300 a 3+000", no concello de Sanxenxo (Pontevedra).

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas, a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Mondoñedo para a mellora da seguridade viaria peonil na antiga N-634, por importe total de douscentos sesenta e un mil novecentos trinta e nove euros con oitenta e sete céntimos (261.939,87€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se adoptan medidas fronte a emerxencia climática.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e a adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022. Importe total: corenta e dous millóns cento trinta e nove mil trescentos cincuenta e sete euros con catorce céntimos (42.139.357,14€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva e por prezo unitario de packs de cirurxía oftálmica para o servizo de oftalmoloxía da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, por importe de dous millóns setecentos vinte e dous mil cincocentos euros (2.722.500,00 € IVE engadido) e un valor estimado de catro millóns cento vinte e cinco mil euros (4.125.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para a colaboración na dotación de prazas de profesorado universitario en áreas de Ciencias da Saúde, por importe de cincocentos oitenta e nove mil seiscentos tres euros con noventa e dous céntimos (589.603,92€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre axudas en reservas da biosfera financiadas ao abeiro dos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Informe sobre a Estratexia de formación profesional Galicia 2030.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a establecer porcentaxes superiores nos pagamentos anticipados e á conta aos recollidos no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e a eximir da obriga de constituír garantías, na Orde pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas niño durante o anos 2022, 2023, 2024 e 2025, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS403C). Importe total: un millón corenta e dous mil catrocentos catro euros (1.042.404,00€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as novas axudas Next Generation: bioseguridade en viveiros e centros de desinfección (investimento 3 da compoñente 3 do PRTR).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR AS OBRAS DE MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NA CONTORNA DO RÍO LAMEIRA, NO CONCELLO DE MARÍN

- A actuación suporá un investimento global de 3,6 M€ e ten como dobre obxectivo reducir a incorporación de caudais de auga non residual á rede de saneamento na zona baixa do casco urbano e regular o sistema da conca do río en tempo de chuva
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, tramitará as expropiacións e licitará as obras na primavera, co obxectivo de poder iniciar os traballos a principios do 2023, cun prazo de execución de 12 meses
- Esta nova intervención da Xunta enmárcase no convenio de colaboración asinado co Concello de Marín, polo que a Xunta asume os 3,3 M€ da execución das obras e a Administración local o custo das expropiacións, estimado en arredor de 79.000 €
- Renovarase o colector xeral nunha lonxitude de 1.600 metros, desde a súa orixe na estrada autonómica PO-313, en Coirados, ata a ponte Zapal, no casco urbano
- Mellorarase a estación de bombeo do río, situada baixo o sistema de saneamento e que presenta actualmente deficiencias
- A intervención forma parte das 10 novas actuacións que impulsa a Xunta dentro do Plan de saneamento da ría de Pontevedra, cun investimento global de 15 M€, estando actualmente en execución intervencións por importe de 32 M€

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto de utilidade pública polo que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar as obras de mellora na rede de saneamento do río Lameira, no concello de Marín.

As actuacións proxectadas polo Goberno galego suporán un investimento global de 3,6 millóns de euros, incluíndo o pagamento dos terreos necesarios para a súa execución. Para levar a cabo as obras será necesaria a ocupación definitiva de 67 predios, do total de 106 predios afectados pola intervención. As outras 39 parcelas serán ocupadas de xeito temporal, segundo as necesidades da obras.

O dobre obxectivo desta intervención é a redución de caudais de auga non residual que se incorporan á rede de saneamento municipal, para evitar a entrada en carga dos colectores da zona baixa do casco urbano e os frecuentes alivios de augas residuais ao medio, así como a xestión do sistema de saneamento da conca do río Lameira en tempo de chuva, regulando os caudais enviados cara á depuradora.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, tramitará as expropiacións e licitará as obras nesta primavera, co obxectivo de poder iniciar os traballos a principios do vindeiro ano 2023, cun prazo de execución de 12 meses.

Esta nova intervención da Xunta no municipio pontevedrés enmárcase no convenio de colaboración asinado co Concello de Marín en marzo do pasado ano. O orzamento base de licitación das obras supera os 3,3 millóns de euros e será asumido por Augas de Galicia. O Concello de Marín asumirá o custo das expropiacións, estimado en arredor de 79.000 euros.

As actuacións serán financiadas cos fondos europeos Feder Galicia 2014-2020.

O proxecto deseñado pola entidade hidráulica da Xunta para mellorar a rede de saneamento da zona do río Lameira comprende a substitución do colector interceptor existente, a creación dun depósito de regulación, con desbaste previo, e a remodelación da estación de bombeo de augas residuais do río.

Máis en detalle, as obras inclúen a renovación do colector xeral da contorna do río Lameira nunha lonxitude de 1.600 metros, desde a súa orixe na estrada PO-313, en Coirados, ata a ponte Zapal, no casco urbano, a partir de onde o río vai canalizado ata a desembocadura. Tamén se acometerán intervencións puntuais na rede para desconectar augas pluviais do sistema de saneamento municipal.

A actuación ten en conta a xestión das augas pluviais do sistema unitario da conca do río Lameira, en tempo de chuvia, polo que se executará un elemento regulador dos caudais enviados augas abaixo que, bombeados en dúas etapas, rematen finalmente na depuradora.

A intervención recolle tamén a mellora da estación de bombeo do río Lameira, situada no punto baixo o sistema de saneamento e que presenta actualmente deficiencias, tanto hidráulicas que orixinan frecuentes alivios ao medio, como de explotación, pola ausencia de equipos para a xestión eficiente.

Ademais, os traballos abranguen a mellora ambiental do río Lameira en toda a súa lonxitude, degradado pola existencia de residuos ou a invasión de maleza. A reparación do leito comprende a construción dun acceso polo bordo exterior da zona de servidume, así como intervencións para eliminar obstáculos, reconstruír muros e retranquear peches.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas obras darán servicio a unha poboación de 9.819 habitantes para o ano horizonte 2042

Plan de saneamento da ría de Pontevedra.

Esta actuación en Marín forma parte das 10 novas intervencións que impulsa a Xunta dentro do Plan de saneamento local da ría de Pontevedra. Entre as obras identificadas como necesarias, destacan esta actuación na contorna do río Lameira, en Marín; o bombeo de Cocheras ou a estrutura de regulación do Burgo, en Pontevedra; ou o novo tanque de tormentas e bombeo na Seca, en Poio.

Estes traballos contan cun investimento de 47 millóns de euros que a Xunta financia con fondos propios e fondos Feder, con obras xa en marcha por 32 M€ e as novas proxectadas por máis de 15 M€.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR AS OBRAS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA PO-504 ENTRE SANXENXO E VILALONGA

- A actuación no municipio de Sanxenxo contará cun investimento autonómico de preto de 970.000€ e suporá intervir en 2 km da estrada autonómica para eliminar un treito de concentración de accidentes
- A Consellería de Infraestruturas prevé licitar as obras neste primeiro trimestre de 2022 e avanzar nas expropiacións, co obxectivo de iniciar os traballos a finais do verán
- Mellorarase a seguridade viaria coa renovación de cinco interseccións no treito da PO-504 que transcorre entre o lugar do Vinquiño e o inicio da parroquia de San Tomé de Gondar, coa construción dunha glorieta no cruce co Camiño ao Santo
- Habilitaranse cuñas de cambio de velocidade nas interseccións con outros viarios e incluíranse melloras nos pasos de peóns e nas paradas de autobús
- Esta actuación complementarase con outra que prevé desenvolver o Goberno galego no mesmo ámbito, renovando as beirarrúas para mellorar a seguridade dos peóns
- A estratexia da Xunta para eliminar os treitos de concentración de accidentes das vías autonómicas contribuíu a reducir en case un 60 % a sinistralidade deses puntos

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar as obras de mellora da seguridade viaria na estrada de titularidade autonómica PO-504 entre Sanxenxo e Vilalonga, no concello de Sanxenxo.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta actuación rolda os 970.000 euros, en que se inclúe o pagamento dos 12 predios precisos para a súa execución.

Esta actuación ten como obxectivo reforzar a seguridade viaria ao longo de 2 quilómetros da vía autonómica PO-504 co fin de eliminar un treito de concentración de accidentes.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará as obras neste primeiro trimestre de 2022 e avanzará na expropiación dos terreos para poder iniciar os traballos a finais do verán. A actuación conta cun prazo de execución de doce meses.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A intervención prevista prevé a renovación de cinco interseccións na PO-504, entre os puntos quilométricos 0+940, no lugar do Vinquiño, e o 3+000, ao inicio da parroquia de San Tomé de Gondar.

Entre as principais actuacións proxectadas, inclúese a construción dunha glorieta na intersección co Camiño ao Santo, que ademais de ordenar os propios movementos das vías coas que entronca, permitirá o cambio de sentido dos vehículos.

Como resultado das achegas recibidas durante o proceso de información pública, acordouse eliminar a actuación proposta inicialmente dunha nova glorieta no punto quilométrico 2+270.

A actuación prevé a execución de novas beirarrúas nos treitos de mellora das interseccións, a adecuación da drenaxe existente ao novo deseño e a reposición dos servizos e sumidoiros afectados. Tamén se mellorarán as paradas de autobús e redeseñará a sinalización horizontal e vertical de todo o treito.

En paralelo a esta obra, a Xunta prevé executar unha mellora das beirarrúas no mesmo ámbito de actuación, de modo que a esta mellora da seguridade viaria se lle sume tamén unha mellora da accesibilidade peonil, cun investimento adicional de case 200.000 €.

A estratexia da Xunta para eliminar os treitos de concentración de accidentes das vías autonómicas contribuíu a reducir en case un 60 % a sinistralidade deses puntos.

Mapa de situación:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Situación




Ámbito da actuación:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA


San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Planta das interseccións nos puntos quilométricos 2+110 e 2+160



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE MONDOÑEDO NA MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA PEONIL NO CAMIÑO DO NORTE

- O obxectivo que se pretende acadar é a mellora da seguridade viaria orientada ao tránsito peonil, xa sexan habitantes e veciños como peregrinos usuarios do Camiño do Norte para converter esta antiga estrada, nunha estrada e nun Camiño seguro
- O Camiño do Norte foi recoñecido en 2015 como Patrimonio de Humanidade pola UNESCO, sendo un dos máis transitados , xunto ao Francés e o Inglés, e a Ruta da Prata

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas, a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Mondoñedo para a mellora da seguridade viaria peonil na antiga N-634, que conta cun orzamento de preto de 262.000 euros bianual.

O Concello de Mondoñedo atópase na ruta do Camiño do Norte. O último tramo da antiga N-634, de titularidade municipal, é o treito inmediatamente anterior á entrada na zona urbana de Mondoñedo e carece de beirarrúas, beiravías e iluminación pública, polo que tanto os veciños como os peregrinos circulan polas marxes da estrada, cando hai espazo, ou pola propia calzada de non habelo.

Polo que actualmente as condicións deste último tramo da N-634 antes de acceder ao núcleo urbano de Mondoñedo, e especialmente na súa marxe norte, non son as axeitadas para garantir un tránsito peonil seguro.

O obxectivo que se pretende acadar coas obras proxectadas son unha mellora da seguridade viaria orientada ao tránsito peonil, xa sexan habitantes e veciños como peregrinos usuarios do Camiño do Norte para converter esta antiga estrada, nunha estrada e nun Camiño seguro. Concretamente, as actuacións que se van a realizar neste tramo son a ampliación da explanada, canalizacións de drenaxe, alumeadado e a pavimentación das beiravías e beirarrúas.

O Camiño do Norte foi recoñecido en 2015 como Patrimonio de Humanidade pola UNESCO, o máximo recoñecemento que pode recibir un ben cultural. Ademais do patrimonio arquitectónico neste camiño atópanse paisaxes consideradas reserva da biosfera.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA O SEU COMPROMISO DE ACTUAR ANTE A EMERXENCIA CLIMÁTICA NA COMUNIDADE

- O Goberno galego, no ámbito das súas competencias, márcase o obxectivo primordial de seguir orientando as súas políticas a facer fronte a este fenómeno
- Galicia iniciará a vindeira semana a tramitación da súa primeira Lei do clima, para considerar o clima como un dereito esencial da sociedade e dar un novo pulo ao traballo iniciado coa Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050
- A Xunta seguirá impulsando medidas transversais en todas as áreas e accións de Goberno, para conseguir a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, así como a neutralidade climática antes de 2050

O Consello da Xunta aprobou unha batería de medidas para facer fronte aos efectos do cambio climático e declarou deste xeito o seu compromiso de actuar ante a emerxencia climática na Comunidade.

O Goberno galego presentou esta mañá as iniciativas máis inmediatas para seguir mellorando a capacidade de resposta da sociedade a este fenómeno global e, sobre todo, para impulsar o traballo realizado na última década. Así, no ámbito das súas competencias, marcouse o obxectivo primordial de seguir orientando as súas políticas a facer fronte ao cambio climático.

Nos últimos anos, Galicia acuíñou varios fitos importantes, entre os que destacan a aprobación da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, a Estratexia de economía circular 2030 e a Lei de residuos e solos contaminados, con que se mellorou a capacidade de resiliencia da Comunidade.

Esta folla de ruta engrosarase de xeito inmediato, pois a vindeira semana abrirase o período de consulta pública previa da primeira Lei do clima de Galicia, o primeiro paso para dotar a Comunidade dun instrumento con rango de lei, con que recoñecer o clima como un suxeito de dereito da sociedade e acelerar o camiño para garantir a preservación dos recursos naturais e a recuperación e fortalecemento da economía.

Así mesmo, a Xunta comprométese a revisar a Estratexia galega de cambio climático — o primeiro plan operativo 2019-2023 conta con 171 medidas e un orzamento de 1.280 millóns de euros— cara á súa contribución para acadar os obxectivos da Unión Europea de redución do 55 % de emisións no 2030, unha meta que asume coa confianza de contar xa cun 23,8 % menos respecto a 1990, 32 puntos por riba da media nacional.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, o Goberno galego seguirá establecendo as medidas que lle correspondan na repartición de esforzos asignados a España na tarefa de redución de gases invernadoiro. Neste momento, a ratio de Comunidade respecto ao total do Estado continúa a diminuír: foi dun 10,1 % en 1990, pasou a un 8,3 % en 2005 e xa está nun 7,1 %.

Por outra banda, Galicia seguirá implicada activamente no Pacto Verde Europeo e nomeadamente nas estratexias de contaminación cero, estratexia forestal e de solo san, así como en calquera outra emanada do devandito pacto; e continuará promovendo o investimento en I+D+i e en novas tecnoloxías que impulsen a descarbonización de todos os sectores da economía galega susceptibles de emitir gases de efecto invernadoiro.

Alianza galega polo clima

En todo caso, estas circunstancias poden verse melloradas grazas ao apoio e implicación de todos os actores sociais, ambientais e económicos do conxunto de Galicia. Así, en aras dunha maior coordinación para potenciar e multiplicar os resultados das medidas e apuntalar a posición de referente, a Xunta impulsa a Alianza galega polo clima.

Trátase dunha iniciativa concibida como unha rede de organizacións que impulsen a economía circular e melloren o medio, dando a coñecer fórmulas de produción responsable, que axuden a desvincular o crecemento económico e a degradación ambiental.

No primeiro trimestre de 2022, dispórase do primeiro elemento para que bote a andar esta iniciativa: o documento de compromiso de adhesión, que estará aberto a organizacións ambientais, científicas e académicas para que acheguen os seus coñecementos na mellora das prácticas ambientais.

Deste xeito, o Goberno galego certificará que o uso dos fondos se destine a investimentos sustentables que garantan un futuro ecolóxico e que respecten o principio de non prexudicar de maneira significativa os obxectivos ambientais da UE.

Pacto das alcaldías

Dentro das medidas ante a emerxencia climática, seguirán vixentes os acordos internacionais que permitan o traballo cooperativo e sinérxico con outras rexións e entidades locais, como foi por exemplo a sinatura do Memorando *Under2*, no marco da COP26 de Glasgow.

Asemade, a Xunta proseguirá o seu labor de coordinadora do Pacto das alcaldías polo clima e enerxía e apoiará todas as medidas que se recollan nos seus plans de acción, co obxectivo de que os 313 concellos estean adheridos —polo momento xa son 279—, tendo en conta que teñen moito que achegar á resposta galega fronte ao cambio climático.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En definitiva, o Goberno galego seguirá impulsando medidas transversais en todas as súas áreas e accións, para acadar a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, así como a neutralidade climática antes de 2050.

Con esta batería de medidas, a Xunta declara o seu compromiso de actuar ante a emerxencia climática e cumpre coa solicitude realizada por unanimidade polos membros do Parlamento de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA O ORZAMENTO DOS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO NUN 20 %, ATA OS 42,1M€, E INCREMENTA DESDE OS 9 ATA OS 12 MESES A FORMACIÓN E O CONTRATO DE TRABALLO

- A convocatoria desta iniciativa para os anos 2022 e 2023 permitirá que 1.600 persoas sen emprego melloren a súa cualificación, ao tempo que acceden a un traballo, a través do desenvolvemento de máis de 80 obradoiros
- Priorizaranse ás persoas que teñan especiais dificultades de inserción no mercado laboral como son, entre outros, os emigrantes retornados, mulleres vítimas de violencia de xénero, parados de longa duración ou persoas con discapacidade
- Primarase os programas que inclúan formación forestal, a posta en valor das rutas do Camiño de Santiago, proxectos de aldeas modelo ou os promovidos por concellos incluídos en áreas declaradas reservas da biosfera

A Xunta ampliará este ano o orzamento destinado á convocatoria de axudas dos obradoiros duais emprego para 2022-2023 nun 23 % con respecto á edición anterior. É dicir, a iniciativa da Consellería de Emprego e Igualdade contará con case 7,9 millóns de euros máis ata alcanzar os 42,1 millóns de euros. Este incremento permitirá ampliar de 9 ata os 12 meses a formación e o contrato de traballo a que accederán 1.600 persoas sen emprego. A previsión é que se poidan desenvolver máis de 80 programas para incrementar as oportunidades laborais dos seus participantes.

Desde o ano 2009, a Xunta de Galicia leva investidos 360 millóns de euros na organización de case 800 obradoiros en que resultaron beneficiados 17.000 galegas e galegos.

Os alumnos e alumnas, ademais de formarse e realizar un traballo, poden obter un certificado de profesionalidade ao rematar a experiencia. Ademais, unha vez acabe o obradoiro, terán a opción de traballar nunha empresa da contorna por un mínimo de tres meses cun contrato a xornada completa. Para este fin, a Xunta concede incentivos á contratación.

A estas axudas poden acceder os promotores dos obradoiros duais: os concellos, mancomunidades e entidades sen ánimo de lucro do sector forestal.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os obradoiros duais teñen unha tripla dimensión: mellorar a empregabilidade dos participantes ofrecéndolles unha formación para o emprego teórico práctica de calidade da man dos expertos que a imparten; desenvolver actuacións de mellora en espazos públicos, así como a prestación de servizos de interese xeral e social; e colaborar coas entidades locais galegas para incrementar o emprego nos concellos.

Para acceder a estes obradoiros, priorizaranse ás persoas que teñan especiais dificultades de inserción no mercado laboral como son, entre outros, as persoas emigrantes retornadas; as mulleres; as vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotaron as prestacións e subsidios por desemprego; parados de longa duración; maiores de 45 anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3 en que se require unha maior formación; e persoas con discapacidade, así como os beneficiarios dun tramo de inserción da Renda de Inclusión Social de Galicia (Risga).

Primaranse os programas que inclúan formación forestal; cualificación en conservación, reforma e posta en valor das rutas de peregrinación delimitadas do Camiño de Santiago; os obradoiros que teñan por obxecto actuacións enmarcadas en proxectos de Aldeas Modelo dirixidas á recuperación da capacidade agronómica do perímetro do proxecto e á rehabilitación e recuperación arquitectónica e urbanística; e os programas promovidos por concellos que teñan todo ou parte do seu termo municipal incluído en áreas declaradas reservas da biosfera.

Apoio ao emprego local

A actuación enmárcase na aposta da Xunta por incrementar as oportunidades laborais dos galegos e galegas e por colaborar cos concellos na contratación de persoas desempregadas. Así, neste senso, o *Diario Oficial de Galicia* (DOG) publicou o pasado martes, 1 de febreiro, 16,2 millóns de euros para apoiar a contratación de máis de 1.300 persoas sen emprego nos concellos galegos a través de tres convocatorias de axudas: o programa Aprol Rural; a dirixida á contratación de persoas perceptoras da Renda de Inserción Social de Galicia (Risga); e a destinada a fomentar a empregabilidade nos concellos para acometer obras e servizos de interese xeral ou social.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INVISTE PRETO DE 3 MILLÓNS DE EUROS EN COMPOÑENTES PARA CIRURXÍA OFTALMOLÓXICA

O orzamentos prevé a adquisición de packs para cirurxía de cataratas, vitrectomía e córnea para subministrar á Área Sanitaria de Santiago e Barbanza durante catro anos

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a licitación para abastecer de packs de cirurxía oftalmolóxica a Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, por valor de 2.722.500 euros. Estes packs serían subministrados entre o ano 2022 e o 2025.

A contratación divídese en dous lotes. O primeiro deles, cun importe de 1.952.940 euros, prevé a adquisición de packs para cirurxía de cataratas e vitrectomía, que é a microcirurxía ocular que se emprega para extraer o vítreo. O segundo lote, dotado cun orzamento de 769.560 euros, é para a subministración de packs para cirurxía de cataratas, vitrectomía e córnea.

O Servizo de Oftalmoloxía da Área sanitaria de Santiago de Compostela realiza dentro da súa actividade, intervencións de vitrectomía e facoemulsificación, polo que precisan material específico, especialmente desenvolvido para poder levar a cabo as ditas intervencións. A facoemulsificación é unha técnica cirúrxica para eliminar o cristalino cataratoso que emprega ultrasóns para fragmentalo e permitir deste xeito a súa posterior aspiración.

Oftalmoloxía na Área sanitaria de Santiago

O Servizo de Oftalmoloxía da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza está acreditado como centro sanitario de referencia del Sistema nacional de salud (CSUR) para a Reconstrución da Superficie Ocular Complexa.

Actualmente, na cirurxía da córnea e cirurxía da catarata, o Servizo de Oftalmoloxía da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza emprega o láser de femtosegundo, que é un tipo de láser que aporta máis precisión e seguridade para a cirurxía ocular. Emite pulsos de enerxía precisos, de moi curta duración e cunha lonxitude de onda próxima ao infravermello, o que lle permite penetrar nos tecidos sen danar as estruturas adxacentes.

Nos últimos anos, este láser incorporouse na cirurxía da catarata, permitindo realizar todos os cortes necesarios para extraer a catarata e implantar a lente intraocular, conseguindo incrementar a seguridade e precisión durante a intervención.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na córnea emprégase nos transplantes e na cirurxía refractiva e permite realizar transplantes penetrantes ou laminares, de diámetro e profundidade moi precisos e controlados en todo momento por una visualización do corte en tempo real.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 600.00 EUROS PARA A DOTACIÓN DE PRAZAS DE PROFESORADO UNIVERSITARIO EN ÁREAS DE CIENCIAS DA SAÚDE

- O Servizo Galego de Saúde asina un convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para repoñer efectivos de persoal no campo das Ciencias da Saúde por mor das xubilacións e reforzar as capacidades docentes naquelas áreas e especialidades clínicas que non contan na actualidade con este tipo de profesorado
- En total vanse dotar catro prazas cada ano entre 2022 e 2025

O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura dun acordo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), para a dotación de prazas de profesor universitario en áreas de Ciencias da Saúde. Con este motivo, a Xunta de Galicia investirá un total de 589.604 euros no período entre 2022 e 2025, a razón de 147.401 euros anuais, para dotar cada ano de catro prazas de profesor titular de universidade vinculado ou profesor contratado doutor vinculado coa asistencia sanitaria.

Con este convenio establécese unha colaboración entre o Sergas e a USC para favorecer a creación de prazas vinculadas que poidan contribuir a reforzar e completar as capacidades docentes da Universidade naquelas áreas e especialidades clínicas que non contan na actualidade con este tipo de profesorado. Ademais, garante o relevo xeracional nas especialidades en que nos próximos anos se van producir xubilacións, e ofrece aos profesionais sanitarios que desenvolven a súa actividade asistencial no Servizo Galego de Saúde a posibilidade de combinar esta coa docencia e a investigación no ámbito da Universidade.

Cómpre tamén subliñar que a posibilidade de contar con prazas vinculadas pode constituír ademais un incentivo para as políticas activas de captación de persoal que desenvolve o Servizo Galego de Saúde. O Sergas conta cun amplo cadro de profesionais sanitarios de todas as especialidades que constitúe a fonte principal para a captación de profesorado vinculado nas áreas clínicas implicadas nas titulacións de Ciencias da Saúde ofrecidas pola Universidade de Santiago de Compostela.

Tanto o Sergas como a USC son sensibles á importancia que ten o ensino práctico para as disciplinas integradas no eido das Ciencias da Saúde, non só pola especificidade destas ciencias, senón pola necesidade de que esta formación se integre nas estruturas e servizos do sistema sanitario público xa que redunda directamente na calidade da formación dos futuros profesionais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Servizo Galego de Saúde ten entre as súas funcións a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos a el, así como o desenvolvemento de programas de docencia que lle sexan encomendados pola Consellería, dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins. A docencia non só abarca a formación para médicos internos residentes (sistema MIR) senón a colaboración de formación do alumnado que cursan estudos nas facultades de Ciencias da Saúde.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 6,4 M€ EN ACTUACIÓNS DIRECTAS E AXUDAS PARA INTERVIR NAS 7 RESERVAS DE BIOSFERA GALEGAS

- Mañá publícase unha orde de subvencións dotada de 3,22 M€ a que poden optar os 86 concellos incluídos nestes espazos e, como novidade, tamén as comunidades de montes e outras entidades sen ánimo de lucro vencelladas a estes territorios
- A próxima semana a Xunta convocará unha segunda liña de axudas, cun orzamento de 1,85 M€ e dirixida por primeira vez aos xestores de 4 das 7 reservas galegas
- Ademais, o Goberno galego investirá un total de 1,37 M€ durante os dous próximos anos para intervir nos tres espazos deste tipo que están baixo a súa xestión directa
- Galicia é a segunda comunidade autónoma con máis superficie incluída nunha reserva de biosfera, con algo máis de 1 millón de hectáreas

A Xunta de Galicia mobilizará entre este ano e o que vén un total de 6,4 millóns de euros destinados a financiar actuacións directas e dúas ordes de axudas orientadas á realización de proxectos de conservación e posta en valor nas 7 reservas de biosfera existentes na Comunidade.

Mañá sairá publicada a primeira liña de subvencións, dirixida neste caso aos 86 concellos incluídos nalgún destes espazos e, como novidade, a diferentes tipos de entidades como comunidades de montes veciñais, asociacións de custodia do territorio e organizacións ambientalistas vencelladas ás reservas.

Cun orzamento de 3,22 millóns de euros para o período 2022-2023, entre as actuacións subvencionables que prevé a orde inclúense accións de conservación e xestión da biodiversidade e dos recursos naturais; de fomento do desenvolvemento sustentable destes espazos; e de apoio ao turismo verde e mellora do patrimonio cultural e paisaxístico.

A modo de exemplo, estas axudas permitirán financiar a instalación de observatorios para aves, accións de recuperación de vexetación de ribeira nos ríos ou de eliminación de especies invasoras, accións de concienciación, mellora de sendas e áreas de descanso ou colocación de sinalización. No caso de que o beneficiario sexa unha entidade local, o importe da axuda oscilará entre un mínimo de 40.000 euros e un máximo de 80.000 euros, mentres que para o resto de solicitantes a contía irá de 10.000 a 25.000 euros.

En canto á segunda orde, sairá publicada o día 16 de febreiro e estará dirixida, neste caso, aos organismos xestores das catro reservas de biosfera que non dependen directamente da Xunta: Terras do Miño; Ancares lucenses e montes de Cervantes, Navia e Becerreá; Mariñas coruñesas e Terras de Mandeo; e Área de Allariz.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cunha dotación de 1,85 millóns de euros, trátase dun programa pioneiro e dirixido a colaborar cos xestores destes catro espazos no impulso e execución do mesmo tipo de accións subvencionables ao abeiro da outra orde.

A maiores, tamén poden optar a axudas para mellorar a xestión das reservas a través de accións formativas para o seu propio persoal ou a cidadanía en xeral, ou para proxectos de recuperación paisaxística, como a recuperación de elementos tradicionais –muíños, hórreos, etc.–. Neste caso, prevese a concesión do 100 % do custo subvencionable, cun importe mínimo de 350.000 euros e un máximo de 625.000 euros.

Pioneira no apoio aos concellos

Este esforzo inversor enmárcase no pulo que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda quere darlle á Rede de reservas de biosfera de Galicia, aproveitando ademais a oportunidade que supoñen estes fondos, procedentes do programa *Next Generation* que xestiona a Xunta en materia de biodiversidade.

Así mesmo, cómpre lembrar que o Goberno galego investirá un total de 1,37 millóns de euros durante os dous próximos anos para intervir nos tres espazos que están baixo a súa xestión directa. Concretamente, no caso da Reserva de Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés, prevense actuacións na gran senda que percorre todos os concellos en Galicia e con continuidade no territorio portugués, constituíndo un eixo continuo vertebrador da reserva.

Por outra banda, na recentemente declarada Reserva de Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel prevense actuacións de sinalización, de promoción do turismo e do uso público sustentable, así como de conservación da biodiversidade que se vertebrarán nos ámbitos do Oribio, do Courel e da Ribeira Sacra.

Por último, as actuacións na Reserva da Biosfera río Eo, Oscos e Terras de Burón primarán a conservación da biodiversidade, a recuperación de vexetación de ribeira con eliminación de exóticas invasoras e o turismo sustentable (sendas, paneis informativos...).

Cómpre lembrar que no ano 2019, Galicia converteuse na primeira Comunidade en lanzar un programa de subvencións para apoiar as entidades locais na execución de actuacións de posta en valor das reservas de biosfera. A esa primeira convocatoria seguíronlles as de 2020 e 2021 –cun orzamento global de 1,8 millóns de euros– e grazas a elas, a Xunta concedeu 71 axudas a concellos localizados nestes espazos.

Segunda Comunidade con máis superficie e peso das reservas de biosfera

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Comunidade galega conta na actualidade con 7 reservas de biosfera que representan o 35 % do seu territorio e suman unha poboación de 570.000 habitantes, repartida entre un total de 86 concellos.

Estas cifras converten a Galicia na segunda comunidade española con máis superficie avalada por este recoñecemento internacional, consolidándose así á cabeza de España no que respecta a esta prestixiosa figura de protección.

Así, as 7 reservas da biosfera galegas esténdense por un total de 1,03 millóns de hectáreas terrestres, e que representa o 15,8 % do territorio que ocupan as 53 figuras deste tipo declaradas en toda España. Ademais, Galicia tamén ocupa a segunda posición tendo en conta o peso que teñen estes espazos con relación coa superficie da Comunidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 900M€ ATA 2024 PARA CONSOLIDAR A REDE DE CENTROS DE FP DE EXCELENCIA E FORTALECER A PERSONALIZACIÓN DA FORMACIÓN

- A nova Estratexia de formación profesional Galicia 2030 prestará especial atención ao rural, promovendo unha oferta adaptada ás súas particularidades
- Deseñaranse opcións que dean resposta ás necesidades das empresas galegas
- Ampliarase a Rede de centros integrados, procurando a súa especialización en familias e sectores produtivos referentes para Galicia
- Impulsaranse accións de innovación e dixitalización dos espazos en que se imparten ciclos, co Centro Galego de Innovación da Formación Profesional en Ourense á cabeza
- Intensificarase a internacionalización, con máis intercambios para docentes e alumnado
- Ofrecerase á cidadanía orientación profesional para mellorar a súa formación e empregabilidade
- Fomentarase o emprendemento a través dun panel de iniciativas de descubrimento de líderes neste eido

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á Estratexia de formación profesional Galicia 2030, a folia de ruta a través da cal o Goberno galego investirá 900M€ ata 2024 para consolidar a Rede de centros integrados de FP de excelencia e fortalecer a personalización da formación. Estruturada en sete eixes e con 44 medidas concretas para acadar a consecución dos obxectivos estratéxicos marcados, a nova estratexia fai especial fincapé na presenza destas ensinanzas no rural e no impulso da empregabilidade.

Cómpre lembrar que a FP galega rexistra hoxe en día unha inserción laboral de case o 85 %, porcentaxe que se eleva na modalidade dual ata case o 97 %. O 70 % das familias profesionais supera unha inserción do 85 %.

Sete eixes

A Estratexia de formación profesional Galicia 2030 parte de cinco principios inspiradores: formar a cidadanía para o exercicio dunha profesión, facilitando o acceso ao emprego; recoñecer as competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral; reducir a fenda entre a oferta formativa e a demanda das empresas; fortalecer a colaboración coas empresas a todos os niveis, e desenvolver os procesos na FP no marco dos sistemas de xestión da calidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para iso artéllanse sete eixos, que pasan pola formación adaptada ás persoas e ao sistema produtivo, pola acreditación de competencias, pola orientación profesional e difusión das ofertas, pola innovación e dixitalización, polo emprendemento, pola internacionalización e polo impulso dos centros integrados (CIFPs) referentes en familias profesionais ou sectores produtivos concretos.

Formación adaptada ás persoas e ao sistema produtivo

Ademais do profesorado, pilar fundamental do sistema, as infraestruturas e o equipamento, o investimento máis forte da estratexia irá destinado ao primeiro dos eixos, de impulso da formación personalizada e das dobres titulacións. Neste caso terá un especial peso o rural, cunha oferta formativa adaptada ás súas particularidades. Non en balde, o 36 % dos 216 centros que imparten ciclos formativos están nunha contorna destas características.

Así mesmo, porase especial empeño en continuar estreitando as relacións co tecido produtivo, deseñando unha oferta formativa específica para as necesidades das empresas galegas, incrementando a colaboración público-privado tanto no estudo das posibilidades do sistema educativo como na súa difusión.

Esta cooperación estenderase tamén ao profesorado e persoas traballadoras das empresas, con accións específicas de formación especializada para ambos os colectivos.

Rede de centros de excelencia

O novo Centro Galego de Innovación da Formación Profesional (CGIFP), con sede en Ourense, será a cabeza desta nova era da FP galega, apoiado sobre a Rede de centros integrados de FP. Os obxectivos principais neste eido pasan por ampliar esta rede, dando cobertura a todo o territorio galego, e especializalos como centros de excelencia nas diferentes familias profesionais, referentes para o tecido produtivo de Galicia.

Para iso, os centros desenvolverán accións de innovación e formación do profesorado coa participación activa do tecido empresarial e de diferentes institucións. Ademais, e para que estas boas prácticas se vaian estendendo de xeito progresivo a todos os centros que imparten ciclos, cada un deles deberá elaborar un plan funcional que recolla os obxectivos e indicadores fixados pola Administración e polo propio centro.

Así mesmo, levaranse a cabo accións de mellora do Sistema de aseguramento da calidade que está a desenvolver na Rede de centros integrados de FP (todos contan con certificación de calidade ISO 9001: 2015) e fomentarse a súa ampliación a todos os centros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Innovación e dixitalización

A FP galega é xa sinónimo de innovación aplicada, pero a apertura do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional traerá consigo novas oportunidades neste ámbito.

O obxectivo é promover accións deste tipo nos centros, especialmente na rede de CIFP, e implementalas aproveitando as posibilidades e equipamentos do novo centro ourensán. Neste proceso contarase coa participación de empresas e institucións, de tal forma que os seus resultados se estendan tanto ao conxunto do sistema educativo como ao produtivo.

De xeito paralelo acometerase a dixitalización dos espazos en que se imparten os ciclos e formarase o profesorado nestas competencias.

Internacionalización

Ademais da personalización da oferta, da excelencia e da innovación, unha das principais metas da FP galega ata 2030 é a internacionalización. Aínda que a participación dos estudantes en programas como Erasmus+ é moi importante (3.918 estudantes desde 2010), cómpre incrementar o intercambio das experiencias do alumnado e profesorado galego no estranxeiro.

Así, ademais de continuar ampliando a presenza do plurilingüismo nos ciclos formativos, fomentaranse as estadias do alumnado e profesorado galego no estranxeiro e viceversa e impulsaranse accións de colaboración con organismos da formación profesional noutros países.

Empregabilidade

Demostrada a utilidade da FP para acceder ao mercado laboral, a nova estratexia afondará na orientación profesional á cidadanía na creación dun itinerario personalizado de formación para o emprego. Entre outras medidas, ofertaranse accións favorecedoras de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nas traxectorias formativas e profesionais, procurarase aumentar a demanda nas ensinanzas con alta inserción e intensificarase a difusión das capacidades da rede formativa, involucrado a entidades empresariais e outros axentes.

De forma paralela, continuarase traballando no desenvolvemento da avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais da cidadanía, proceso en que Galicia é líder, de tal forma que as persoas traballadoras poidan convalidar a súa

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

experiencia por unidades de competencia de ciclos formativos e, se o desexan, completar o ciclo.

Emprendemento

Como complemento á empregabilidade, desenvolveranse iniciativas de emprendemento en colaboración co tecido produtivo galego. Cómpre sinalar que segundo o último informe de inserción laboral, un 14,7 % dos titulados son persoas potencialmente emprendedoras.

Neste ámbito tamén se contará coa colaboración do ámbito empresarial, a través dun panel de iniciativas de descubrimento do emprendemento por parte do alumnado galego a través de líderes do emprendemento e da empresa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UNHA NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA AMPLIAR A REDE DE CASAS NIÑO ATA ALCANZAR O CENTO NESTE 2022

- O Goberno galego destinará máis dun millón de euros á creación de 60 novas prazas, é dicir, 12 novos centros, en concellos do rural
- Galicia apoiou a posta en marcha de 89 casas niño desde a súa creación, en 2016, que permite atender a 445 nenas e nenos de municipios que non contan con outro recurso de conciliación

O Consello da Xunta vén de dar luz verde á nova orde de axudas para ampliar a actual rede autonómica de casas niño, que ao longo de 2022 alcanzarán o cento repartidas por toda a Comunidade. A convocatoria para este exercicio permitirá crear 60 novas prazas, é dicir, 12 novos centros, en concellos situados no rural que carezan doutro recurso de conciliación para nenas e nenos de entre 0 e 3 anos.

Para alcanzar este obxectivo o Goberno galego investirá máis dun millón de euros, dos que 180.000 se destinarán a financiar as obras de acondicionamento dos locais que acollerán estes centros, cun máximo de 15.000 euros por cada un; e outros 860.000 euros para sufragar os gastos de funcionamento, o que supón unha achega de 21.560 euros para cada promotora ou promotor deste recurso.

Desde a creación desta medida pioneira, en 2016, a Xunta apoiou a posta en marcha de 89 casas niño para prestar atención a un total de 445 nenas e nenos a través dun servizo que xa se converteu nun símbolo da aposta de Galicia por estender a conciliación ás contornas rurais. Estes centros ofrecen atención gratuíta durante un máximo de 8 horas diarias a cinco nenos de 0 a 3 anos de idade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ PRETO DE 1 M€ DE FONDOS NEXT GENERATION PARA PROTEXER OS VIVEIROS DE PRAGAS E PARA MELLORAR OS CENTROS DE DESINFECCIÓN DE VEHÍCULOS DE TRANSPORTE DE GANDO

- O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe o informe da Consellería do Medio Rural sobre estas subvencións que se publicarán en breve no *Diario Oficial de Galicia*, sendo as primeiras que se convocarán na nosa comunidade ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia
- Estas achegas permitirán consolidar Galicia como referente en sanidade animal e vexetal, toda vez que foi declarada rexión libre de tuberculose bovina e de brucelose bovina, ovina e cabrúa e que ten consolidada a loita contra pragas biolóxicas como a do psílido africano dos cítricos

A Consellería do Medio Rural convocará en breve unha nova liña de axudas para a bioseguridade, a primeira financiada con Fondos Next Generation que se publicará en Galicia derivada do Plan de recuperación, transformación e resiliencia promovido polo Goberno central. Trátase dunha orde cun orzamento de preto de 1 millón de euros dirixida a viveiros (490.324 euros) e a centros de limpeza e desinfección de vehículos de transporte de gando (410.578 euros), tal e como foi repartido na Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, o pasado mes de outubro.

Estas achegas convocaranse en réxime de concorrencia competitiva e os investimentos que poden recibir subvención abranguerán fundamentalmente a obra civil, as instalacións e equipamentos fixos, a maquinaria e a dixitalización. Mentres, as porcentaxes subvencionables variarán entre o 40 % e o 70 % do proxecto.

No caso das axudas aos viveiros, búscase financiar as instalacións de protección fronte a insectos vectores para produtores de materiais vexetais de reprodución. O obxectivo é manter ese material libre de determinados organismos nocivos, considerados de corentena consonte a normativa comunitaria de sanidade vexetal. O control deste material de reprodución é esencial na difusión destes organismos, pois está formado por sementes, plántulas, froiteiras ou outros materiais que posteriormente comercializan os viveiros. A axuda céntrase no control dos insectos que actúan como transmisores destes organismos nocivos instalando, por exemplo, estruturas de mallas ou dobre porta nos viveiros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto aos centros de desinfección, perséguese financiar investimentos de bioseguridade para mellorar os centros de limpeza de vehículos de transporte de gando por estrada, ou para a construción de novos centros con esa finalidade. O seu obxectivo é modernizar estes centros e que haxa o número suficiente para evitar a transmisión de enfermidades polo uso de vehículos sen limpeza axeitada. Nesa liña, cabe apuntar que moitos destes vehículos son empregados para o transporte de diversos tipos de gandaría, pertencentes a múltiples explotacións. Coas novas achegas, poderíanse financiar solados, peches ou lectores de matrículas, entre outras actuacións.

Reforzo á sanidade animal e vexetal

A nova liña de achegas pretende consolidarnos como a comunidade coa mellor situación sanitaria gandeira en relación coas enfermidades dentro dos programas oficiais de erradicación, incidindo -neste caso- na mellora dos centros de limpeza e desinfección dos vehículos de transporte de gando. Nese senso, cómpre destacar que Galicia vén de ser declarada a finais de 2021 rexión libre de tuberculose bovina. Tamén somos rexión libre de brucelose bovina, ovina e cabrúa.

En canto á sanidade vexetal, a Consellería do Medio Rural está loitando contra diversos organismos nocivos de corentena, algúns dos cales contan con insectos transmisores. É o caso do psílido africano dos cítricos, praga en que a Xunta está a ter importantes éxitos a través da loita biolóxica, pero que tamén precisa de medidas de control nos centros produtores de material vexetal.

No informe considérase que os fondos que asignou o Ministerio á nosa comunidade son insuficientes para cumprir os obxectivos xerais das axudas, pero agárdase acadar con elas, cando menos, avances significativos. Neste sentido, advírtese que existen outras partidas orzamentarias á marxe das axudas Next Generation que actúan a prol da sanidade vexetal e animal (plans oficiais de erradicación, subvencións a produtores vexetais, convenios con concellos para a xestión de centros de limpeza e desinfección, etc.).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA